

O Consello Federal da CIG-Ensino colle folgos co aval dos resultados electorais cara ao 8M e ás próximas mobilizacións sindicais

Nos próximos meses a CIG-Ensino focalizará a súa acción nas principais demandas que centraron a súa campaña electoral, como a recuperación do horario lectivo do profesorado, a diminución das ratios, a atención á diversidade, a derogación definitiva da LOMCE e a estabilidade do persoal interino.



A A CIG-Ensino celebrou en Compostela un Consello Federal no que delegadas e liberadas analizaron polo miúdo os “excelentes” resultados acadados pola central nas Eleccións Sindicais no ensino público non universitario o pasado 4 de decembro. Cun incremento de 475 votos con respecto á cita electoral de 2014 e coa superación da barreira dos 9.000 votos por primeira vez na historia do sindicato, as asistentes ao seu máximo órgano de representación pónense como obxectivo seguir sendo a principal referencia do profesorado galego na defensa dos seus intereses fronte aos recortes e as políticas restritivas da Xunta de Galiza.

Así mesmo, na análise tamén se fixo unha especial mención á importancia que ten a propia afiliación do sindicato á hora de servir de vínculo coa realidade do traballo do persoal docente e o modelo sindical de presenza continua nos centros que é unha das principais diferenzas existentes entre a CIG-Ensino e as outras organizacións sindicais. O seu secretario nacional, Suso Bermello, apuntou durante a súa intervención que “o amplo respaldo á CIG-Ensino

vén motivado por sermos a única organización que lle planta cara a unha administración arbitraria e autoritaria, que denuncia os seus abusos e que non se vende até acadar acordos que sexan xustos e dignos para o persoal docente, castigado nos últimos anos por unha campaña de desprestixio por parte do goberno e con políticas de recortes de dereitos e salariais”.

Folga xeral de mulleres

Co aval dos 9.157 votos, o que supón un 42,75% de representatividade, o Consello Federal acordou iniciar asembleas informativas nos centros de ensino para chamar á folga de mulleres do día 8 de marzo que este ano será de 24 horas, tanto laboral como de coidados. Nun sector maioritariamente feminizado, o sindicato agarda unha resposta maioritaria a esta convocatoria “tendo en conta os continuos ataques do patriarcado e o rearme ideolóxico do machismo que se está a dar nestes momentos na nosa sociedade”, como comentou Marta Dacosta durante o debate. “Asasinatos, violacións, discriminacións e



todo tipo de abusos contra as mulleres que temos que combater fortemente desde o sistema educativo e facer fincapé na realidade laboral das mulleres galegas, que sofren con maior dureza o desemprego e a precariedade”, apuntaron as asistentes.

Meses de intensa actividade sindical

Neste sentido, o Consello tamén aprobou seguir coa acción sindical marcada na campaña con respecto á reclamarlle á Xunta que aprobe dunha vez por todas a recuperación dos 18 períodos lectivos máximos en Secundaria e os 21 en Primaria; a diminución de ratios e a autorización de desdobres nas aulas máis masificadas e/ou cando exista alumnado con NEAE, con especial atención ás dificultades que entraña para o profesorado de Secundaria non contar con



especialistas de apoio ou formación específica ante o aumento de casos deste tipo; a derogación definitiva da LOMCE que malia o cambio de goberno do Estado non se vai producir e que nin sequera se garante eliminar os seus aspectos máis lesivos e a defensa dun sistema de acceso diferenciado para o acceso á profesión docente ou cando menos dun acordo de estabilidade para o persoal interino máis vulnerábel que pode perder o seu posto de traballo se non aproba as oposicións. Esta demanda, como informou o propio Suso Bermello ás asistentes ao Consello Federal, aínda lle foi reclamada onte mesmo aos representantes da Consellaría de Educación na Mesa Sectorial na que se tratou a oferta de emprego público para este ano, mais a administración negouse unha vez máis a abrir unha negociación neste sentido.



A reclamación da xubilación anticipada para todo o colectivo docente, incluídas interinas, aos 60 anos foi tamén un dos puntos que conformou o programa electoral co que a CIG-Ensinu concorreu ás eleccións do 4D. Neste sentido, Suso Bermello lembrou que a reforma das pensións asinada polo goberno de Zapatero, CCOO e UXT foi moi lesiva para todo o funcionariado que aprobou as oposicións após 2011, ao eliminar o dereito á xubilación anticipada que de momento si mantén o funcionariado nomeado anteriormente.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal